


# ASPROMOR

## MEMORIA SOCIAL 2019



# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CENTRO OCUPACIONAL.....	4
2.1. OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS .....	4
2.2. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO/XARDINERÍA .....	5
2.3. UNIDADE DE DÍA .....	6
2.4. PROGRAMA DE AXUSTE PSICOSOCIAL.....	7
2.4.1. APOIO PERSOAL E FÍSICO .....	7
2.4.2. EXPRESIÓN PLÁSTICA E CORPORAL .....	8
2.5. PROGRAMA DE OCIO E CULTURA.....	17
3. VISITAS.....	25
4. INAUGURACIÓN DO INVERNADOIRO.....	31
5. OUTROS SERVIZOS.....	33
6.VOLUNTARIADO .....	35
7.GALAS BENÉFICAS .....	36
8.XUNTA DIRECTIVA E PERSOAL LABORAL .....	37
9.SUBVENCÍONS E COLABORACÍONS.....	38
10.CONTACTA CON NÓS.....	39

## 1. INTRODUCCIÓN

A Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal (Aspromor) nace en 1984 por iniciativa dun grupo de pais/nais para atender ás necesidades de apoio das persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Ortegal.

O seu ámbito de atención abarca os Concellos de Ortigueira, Cariño e Mañón. Destos Concellos proceden os/as usuarios/as que diariamente se atenden no Centro Ocupacional Aspromor que se atopa no Paseo de Barro Soto en Ortigueira con capacidade para 40 usuarios/as.

O Centro Ocupacional está dotado de diferentes espazos entre os que destacan os obradoiros nos que os/as usuarios/as desenvolven diversas actividades en función das súas capacidades/habilidades. Atendendo ao seu desenvolvemento integral planifícanse tamén diferentes actividades de ocio coincidindo co calendario anual e aproveitando os recursos que ofrece o noso entorno.

Conta así mesmo cunha área de comedor para prestar este servizo a todos/as usuarios/as e ao persoal laboral do Centro.

Debido á dispersión xeográfica da comarca a Asociación presta un servizo de transporte para o que dispón de varias furgonetas que percorren tres rutas diarias para trasladar ao Centro a todos/as os/as usuarios/as que residen na zona rural.

Aspromor ten habilitada unha vivenda tutelada coa finalidade de prestar apoio a aquelas persoas que queiran realizar un proxecto de vida independente desenvolvendo habilidades de vida diaria e adquirindo aprendizaxes para xestionarse de xeito autónomo.

Todo este PROXECTO ten como finalidade mellorar a calidade de vida dos/das usuarios/as do Centro Ocupacional Aspromor e as súas familias.

## 2. CENTRO OCUPACIONAL

### 2.1. OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE FREGONAS

O Centro Ocupacional mantén un obradoiro permanente de elaboración de fregonas no que os/as usuarios/as do Centro desenvolven unha actividade semiproductiva. Cada usuario/as realiza unha tarefa diferente adaptada ás súas capacidades. O resultado final vai destinado ao mercado galego gracias á colaboración da empresa GADISA que merca e distribúe a produción de fregonas que se fan neste obradoiro.

Este obradoiro está destinado a persoas con necesidades de apoio intermitentes ou limitadas, cun nivel de autonomía e capacidades para participar neste tipo de actividade.

Os obxectivos xerais desta actividade son adquirir hábitos, destrezas e aptitudes beneficiosas dende o punto de vista psico-social e realizar un traballo real destinado ao mercado.



## 2.2. OBRADOIRO DE INVERNADOIRO/XARDINERÍA

Actualmente no proxecto do invernadoiro de Aspromor desenvólvense labores ocupacionais de horticultura cunha finalidade pedagóxica e terapéutica. Os usuarios/as aprenden a preparación de semilleiros, o trasplantedo, o coidado de prantas, a colleita, etc. Paralelamente responsabilízanse do mantemento dos espazos axardinados do Centro Ocupacional e dos espazos do invernadoiro coa colocación de carteis indicativos, normas de uso, decoración dos bancais, limpeza, etc. Ademáis o invernadoiro conta con venta ó público de prantas de exterior, interior e utíes de xardín. Trátase dunha faceta máis que complementará e mellorará os recursos dos que dispón esta actividade de xardinería e horticultura. De este xeito, ampliarán o noso mercado e a finalidade integradora desta actividade.



### 2.3. UNIDADE DE DÍA

A Unidade de Día está destinada a usuarios/as do Centro Ocupacional que presentan necesidades de apoio extensas. Algunhos/as teñen unha idade avanzada, déficit de autonomía e dificultades motoras, relacionais e de comunicación.

Neste espazo os usuarios/as adquiren hábitos de autonomía e rutinas diarias que favorecen a súa independencia e mobilidade corporal. Aprenden a relacionarse cos seus compañeiros/as e co persoal, adquirindo unhas pautas de comunicación verbal ou alternativa que favorezan a súa relación co entorno e coas persoas.

As actividades que se realizan na Unidade de Día están orientadas a xerar un entorno de confianza no/na usuario/a, utilizando para isto os obradoiros de psicomotricidade, expresión plástica e corporal e actividades de ocio.



## 2.4. PROGRAMA DE AXUSTE PSICOSOCIAL

### 2.4.1. APOIO PERSOAL E FÍSICO

- Dinámica de acollida

Consiste na recepción dos/das usuarios/as na súa chegada ó centro, revisando a lista de asistencia, informando ós usuarios/as das actividades que se levarán a cabo ó longo do día, así como adicar un tempo de comunicación entre usuarios/as e monitores/as. Esta dinámica que se realiza todos os días, pretende mellorar as habilidades comunicativas relacionándose entre eles/as.

- Habilidades de vida diaria

Pretende mellorar a capacidade das persoas con discapacidade, para vivir unha vida sana e equilibrada. O obxectivo é alcanzar o máximo nivel de autonomía e independencia persoal nos hábitos cotidiáns, no centro ocupacional e no fogar.

- Psicomotricidade

A psicomotricidade céntrase no desenvolvemento das capacidades de expresión, creatividade e mobilidade a partir do uso do corpo. Isto permite coñecer o noso corpo en canto ao movemento, ademáis de mellorar a coordinación, a motricidade e a axilidade dos /das usuarios/as. Neste obradoiro os usuarios/as divídense en grupos dependendo das súas capacidades/habilidades psicomotrices, utilizando un espazo dotado de material específico para desenvolver esta actividade.



## 2.4.2. EXPRESIÓN PLÁSTICA E CORPORAL

- Nadal

En Aspromor tamén celebramos o Nadal con diferentes actividades que completan a planificación de todo o ano. Con varias semanas de antelación, organízase de maneira conxunta un obradoiro de tarxetas postais, feitas polos propios usuarios/as, que enviamos a todos os/as socios/as como agradecemento pola súa colaboración, e para felicitalles as festas. Ademáis, como cada ano organizamos un obradoiro de Nadal para preparar a decoración do Centro.



Como xa é tradición, todos os anos participamos coa Residencia de Maiores na actividade “Un Nadal de Pelicula” no Teatro de Beneficencia, onde desfrutamos dunha agradable e enriquecedora xornada, a través dunha película navideña e dunha xuntanza interxeracional cos nosos maiores.





Este ano, participamos nunha iniciativa promovida polo Concello de Ortigueira, chamada “Xanelas de Nadal”, que brinda a oportunidade de disfrutar dunha xuntanza entre veciños/as, dando unha apertura social ó centro.



Todos os anos, presentamos a nosa función de Nadal, co obxectivo de representala nos festivais benéficos que se celebran nesas datas. Durante dous meses, realizáanse ensaios semanais, probas de vestuario e elaboración de decorado, nos que os usuarios/as interiorizan o seu papel na función. Esta experiencia é un medio de inclusión e convivencia mediante o desenvolvemento global da persoa e como ferramenta que potencia a consciencia corporal, a respiración, o grupo, os sentidos, o movemento, a relación co espazo, os estados de ánimo, etc...Mediante esta actividade o/a usuario/a baila, fala, escoita, respeta turnos, memoriza, pronuncia, aprende a falar diante do público, etc... todas elas capacidades para extender á vida cotiá.



A véspera das vacacións celebramos a Festa do Nadal. Para celebrar estas datas tan sinaladas, todos/as os/as usuarios/as e o persoal do centro participan nunha entrañable e emotiva festa, onde se combinan maquillaxes, disfraces, música, baile, agasallos e sobre todo bos desexos para o vindeiro ano.

Á volta das vacacións de nadal, coincidindo coa chegada das SS.MM de Oriente, celébrase no centro unha Real recepción, onde Melchor, Gaspar e Baltasar conversan cos/as usuarios/as e fanlles entrega dun agasallo. Ao rematar celébrase un animado baile con música en directo coa presenza dos Reis Magos.



- Entroido

Co motivo da celebración das festas do Entroido organízase un obradoiro no que se realizan una serie de actividades conxuntas para todos/as os/as usuarios/as do Centro. Desenvólvense aprendizaxes e habilidades manipulativas dentro dun marco lúdico. O resultado deste obradoiro materialízase na decoración do Centro realizada totalmente polos/as propios usuarios/as con materiais reciclados e na confección dos disfraces para todos os participantes da festa.

Chegado o día da festa, preparámonos para disfrutar do Entroido. Empezamos pola mañá coa sesión de maquillaxe pintando as caras, dacordo co disfraz e saíndo ás rúas en animosa comparsa, participando tamén cos alumnos do Colexio José María Lage. A mediodía disfrutamos dunha magnífica comida típica de entroido e de seguido dun animado baile ata o remate da xornada. Este ano o resultado foi unha vistosa e colorida comparsa de arcos da vella que percorreu as rúas animando aos veciños/as.



- Día do Pai

Co motivo de conmemorar a festividade de San Xosé, Aspromor adica unha semana a realizar un agasallo elaborado polos/as usuarios/as con materiais reciclados. É unha oportunidade para afianzar lazos familiares.



- Pascua

No tempo da celebración de Pascua, organízase unha “Gymcana de Pascua”, onde os/as usuarios/as por equipos, terán que atopar ovos de pascua, que foron decorados anteriormente por eles/as mesmos/as. Mediante pistas e adiviñas, teñen que descubrir onde se atopan os ovos agachados. O equipo gañador, recibe como premio un ovo de Pascua de chocolate, aínda que todos/as os participantes reciben un premio de participación. Con esta actividade, preténdese fomentar o traballo en equipo e a colaboración entre eles.



- Día da Nai

Este ano, aproveitando a apertura do invernadoiro Aspromor e coincidindo coa chegada do día da nai, os/as usuarios/as prepararon uns cactus e crasas que eles/as



memos/as prantaron e decoraron para entregarllo as súas nais/irmáns/titoras,etc. Transplantar, regar, e adornar foron as tarefas necesarias para realizar este agasallo. A través desta actividade, xurdiu a posibilidade de achegarnos ó mundo das prantas e de concienciarnos do coidado destas.

- Os Maios

Todos os anos polo mes de Maio os/as usuarios/as do Centro



Ocupacional participan na Praza de Isabel II no Encontro Interxeracional coa Residencia de Maiores, o IES de Ortigueira, o CEIP José María Lage, a gardaría A Galiña Azul e a Escola de Gaitas de Ortigueira. Os/as usuarios/as de Aspromor elaboran un maio e colaboran con afección nunha alfombra floral co resto dos

participantes. A participación nos maios é moi gratificante xa que o traballo feito polos/as usuarios/as traspasa as portas do Centro para ser ollado por todos os/as veciños/as que acuden á praza.



- San Xoán

Achegándose o solsticio de verán, en Aspromor, celebramos a festividade de San Xoán. Para començar o día, realizamos unha serie de rituais típicos galegos, para espantar os malos espíritos, como derramar o sal polos tellados, mergullir a cara nun balde con frores de San Xoán e interpretamos o futuro venideiro, a través das claras de ovos crus, preparadas a véspera.

Tras varias semanas de bricolaxe e manualidades, facemos entrega á Comisión de Festas do noso barrio, dunha meiga feita polos/as usuarios/as, que posteriormente será queimada na fogata ás 00:00H do día 23 de Xuño nunha festa popular coa veciñanza.

Para rematar, realizamos a salta da fogata, deixando atrais os malos augurios, cun grito de “Meigas Fóra”. Despois da realización de todos os rituais, e como colofón final da festividade, xuntámonos todos/as no xardin para un xantar popular, con música galega en directo.



- Samaín

No Obradoiro de Samaín realízanse diferentes actividades en torno a esa temática durante varios días. O primeiro que se organiza é a colleita de castañas entre todos/as os/as usuarios/as. Faise unha saída a un Souto para recoller os froitos pasando unha mañá rodeados e en contacto directo coa natureza. Coas castañas elabóranse uns colares que eles/as mesmos/as cosen e coas sobrantes faise un magosto.







## 2.5. PROGRAMA DE OCIO E CULTURA

- Audiovisuais

Cada venres pola tarde, organizamos unha sesión de audiovisuais con series, películas e documentais que traten diferentes temáticas da actualidade. Ao finalizar, organizamos un videoforum, onde comentamos e debatimos sobre a proxección. A través de esta actividade queremos fomentar a atención, a escoita activa e a participación dos/as usuario/as nos videoforums sobre os temas elexidos.

- CosmoCaixa

A través da Fundación Obra Social “La Caixa” tivemos a oportunidade de asistir a unha exposición temporal sobre o universo. Un planetario burbuja que nos permitiu “adentrarnos” neste mundo e coñecer os planetas dunha maneira didáctica, orixinal e divertida. É unha exposición pensada para despertar a atención e a curiosidade dos que a visitan, e descubrir as marabillas e curiosidades do ceo, os planetas e as súas características.



- Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira

Como cada ano, a mediados de Xullo, celébrase en Ortigueira o Festival Internacional do Mundo Celta. Aproveitamos esta ocasión para sair a disfrutar do ambiente e da música celta, que enche as rúas de Ortigueira. É unha oportunidade para coñecer os nosos orixes, así como interaccionar e achegarnos a outras culturas.



- Xornada Medioambiental

Coa intención de fomentar e sensibilizar sobre o coidado e mantemento do noso entorno, organizamos unha xornada de recollida de lixos, na Praia de Morouzos. Dividímonos en grupos, e cada un destes estaba encargado da recollida dun tipo de lixo



(plástico, papeis e vidro), favorecendo así a reciclaxe. Con isto, pretendemos concienciar os/as usuarios/as sobre a importancia da educación medioambiental, para que a interioricen e a poñan en práctica en todos os ámbitos da súa vida.

- Xornada de sensibilización

Con motivo da celebración do 25-N, os/as usuarios/as de Aspromor en colaboración co Concello de Cariño, sumáronse á loita contra a violencia de xénero, difundindo esta mensaxe a través das redes sociais do Concello de Cariño, reivindicando a importancia da eliminación das violencias machistas, e concienciando e reeducando sobre a igualdade entre homes e mulleres.



- Operación Calcetís Desparellados

O 21 de Marzo está adicado o Día Mundial de Síndrome de Down. Dende fai varios anos, Aspromor, fai unha homenaxe a este colectivo, uníndose á campaña “Diferente como tú” utilizando calcetís desparellados, para concienciar e sensibilizar ó mundo acerca das diferentes diversidade funcionais.



- Elfos e Calcetís.

Dende 2017 , Aspromor colabora coa ONG Elfos e Calcetís. A pretensión desta entidade, é conseguir que persoas en risco de exclusión social poidan disfrutar dun agasallo de nadal, para que ningún dos/as destinatarios/as perda a ilusión nestas datas tan especiais. O obxectivo de participar nesta iniciativa, é concienciar e sensibilizar aos usuarios/as de Aspromor das realidades alleas e das diferentes situacións familiares. Dende o Centro Ocupacional, queremos fomentar a solidariedade como un valor fundamental, transmitíndoo tanto nestas datas coma en todas as facetas das súas vidas.



- Obra en Punto

A Ortega Josefina Pita, quixo mostrarnos o seu apoio e cariño, organizando unha exposición benéfica de pezas de roupa artesanais realizadas por ela mesma, en concreto xerseis calcetados que estaban expostos e á venda, co fin de donar a nosa asociación os beneficios recaudados.

Os/as usuarios/as de Aspromor, non quixemos perder a oportunidade de coñecer a artista e a súa obra, así como darlle as grazas pola súa axuda e solidariedade. Acudimos á exposición para amosar de preto todos os xerseis, os seus cores e os seus detalles...



- Maxia na biblioteca

A Biblioteca Municipal de Ortigueira, convidounos ó espectáculo “Maxia de aquí e de acolá” de David Méndez, un mago, que nos deleitou con diversos trucos de máns e de maxia a todos os niveis, onde puidemos observar cómo desaparecían panos, dunha chisteira puidemos ver coellos, pombas, os periódicos recobraban vida.... Un auténtico espectáculo que fixo partícipes os/as usuarios/as, e que nos deixou a todos/as coa boca aberta.



- Calidris

Os/as usuarios/as do Centro Ocupacional Aspromor xunto coa Residencia de Maiores de Ortigueira, disfrutaron dunha



enriquecedora reportaxe fotográfica da man da Asociación Calidris, a asociación Ornitolóxica de Ortigueira, que viaxou a

Islandia, para coñecer e descubrir distintas especies de paxaros. Percorreron a illa en 11 etapas, e alí fotografiaron distintas especies e elementos da natureza como fervezas, glaciares e cráteres.

Unha reportaxe marabillosa protagonizada por catro orteganos que nos trasladaron, a través das súas cámaras, a 3000km de distancia, para aprender e coñecer mais da natureza e para disfrutar das fantásticas paisaxes que nos agasalla esta illa.



- Mercado Municipal

Coa chegada do verán e do bo tempo, os/as usuarios/as do Centro prepáranse moitos xoves, para pasear e ir ó mercado municipal, conversar cos/as veciños/as e coñecidos/as e tomar unhos churros ó aire libre no parque do Malecón. Esta actividade, permite os/as usuarios/as integrarse e formar parte da vida do pobo. Síntense realizados compartindo as mesmas actividades que realizan os seus coñecidos/as, vendoos e conversando con eles/as.





### 3. VISITAS

- Serramoura

Tivemos a sorte de recibir en Aspromor, unha visita moi especial, a marabillosa actriz de Serramoura (serie de TVG), María Martínez. Esta actriz, formouse na escola de ficción, que pertence a productora “Voz Audiovisual”. O seu curriculum conta con diferentes cursos de cine, improvisación e doblaxe. Nesta visita, quixo adentrarnos no mundo audiovisual, explicándonos como se roda un capítulo de Serramoura, os decorados, os diferentes planos, as cámaras, os micrófonos e un sinfín de curiosidades que acontecen nos rodaxes da televisión. Para rematar, María, contounos algúns consellos de interpretación e así poder recrear algunhas das esceas que interpretou.



- Caixabank

No mes de Abril, é coincidindo coa próxima inauguración do invernadoiro, 25 directivos da entidade bancaria Caixa Bank, da zona de Ortegal, ferroltera e arredores da Coruña, compartiron cos/as usuarios/as de Aspromor unha xornada de voluntariado, adicándose a coñecer o día a día dos/as usuarios/as no Centro Ocupacional. O final da xornada organizouse unha preapertura do invernadoiro, onde puideron coñecelo e adquirir os primeiros produtos de forma máis privada.

Grazas a esta entidade, e a súa aportación económica, de 17.035€, pudimos facer realidade un dos soños de Aspromor, a reapertura do noso invernadoiro.



- Asociación Nordés

Nordés, unha asociación sen ánimo de lucro e co obxectivo de dar a coñecer o patrimonio artístico, cultural, natural e histórico da nosa zona, quixo visitarnos, coñecer as nosas instalación e os nosos talleres, e colaborar con Aspromor para unha das súas xornadas medioambientais adicadas os nenos/as dos colexios do Vicedo e de O Barqueiro.



Os/as usuarios/as adicaron semanas elaborando os 130 agasallos que recibirán os nenos/as o día da xornada medioambiental.

- C.E.I.P. José María Lage

Este ano, coa inauguración do noso invernadoiro, a moitos colectivos entroulles a curiosidade por coñecer as instalacións de Aspromor. O Colexio José María Lage de Ortigueira, foi uns dos primeiros en visitarnos. Repartidos en grupos, visitaron o taller de elaboración de fregonas, a unidade de día e o taller do invernadoiro, para así coñecer como traballan os/as usuarios/as no seu día a día.

Este tipo de visitas é moi importante tanto para os/as usuarios/as que se sinten valorados/as e dignificados/as co seu traballo así como para as novas xeracions futuras, ao coñocer as diferentes diversidades funcionais que existen. Unha xornada moi enriquecedora na que os/as nenos/as e os/as usuarios/as compartiron agradables momentos.



- Fun polo Aire

Con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas con Diversidade Funcional, e coincidindo coa chegada do Nadal, tivemos o pracer de recibir a Televisión de Galicia e o seu programa “Fun polo Aire”, para mostrarlle de preto a labor que realizan os/as usuarios/as no invernadoiro. O presentador do programa entrevistou os/as encargados/as que se adican o coidado das plantas. Os/as usuarios/as ensináronlle as súas labores, dende regar, trasplantar, elaboración de centros decorativos, manter o invernadoiro limpo e o contacto directo coa clientela.



- Entrega do agasallo de Nadal

Como é tradición, cada ano, o Alcalde de Ortigueira, visita os/as usuarios/as de Aspromor, para facerlles entrega dun agasallo de Nadal. Nesta ocasión os/as usuarios/as deleitáronlle cunhas panxoliñas, para crear un ambiente festivo e mais acolledor ao recibilo. Este encontró é unha oportunidade para que os/as usuarios/as coñezan e conversen mais de preto co alcalde, transmitíndolle o seu agarimo e as súas inquedanzas.



#### **4. INAUGURACIÓN DO INVERNADOIRO**

O 4 de Abril, foi un día para marcar no calendario de Aspromor. O inverndoiro abría as súas portas cara ó público, grazas a unha subvención da Obra Social “La Caixa” de 17.035€, o empeño do persoal e os/as usuarios/as e a Xunta Directiva da asociación.

Despois de seis anos, coa chegada da primavera, o invernadoiro volvía a frorecer. Ese día, tanto o persoal coma os/as usuarios/as e clientes celebrámolo por todo o alto, rodeados/as do agarimo da xente de Ortigueira e de todas as parroquias limítrofes, que nos acompañaron neste novo proxecto.

No invernadoiro podes atopar, prantas ornamentais, tanto de exterior coma de interior, árbores frutais, arbustos, bulbos, sementes e horticultura. Ademáis, sustratos, abonos, sulfatos, turba e todo tipo de ferramentas para o mantemento do xardín así como macetas e decoración.

O invernadoiro, non é soamente un punto de venta, xa que ten implícita unha finalidade pedagóxica e tarapéutica. Este proxecto, convertíuse nun espazo mixto de traballo e atención directa e interactiva coa nosa clientela. Para os/as usuarios/as as tarefas que desempeñan no invernadoiro son unha fonte de aprendizaxe continua, na que reciben un recoñecemento social pola súa labor, que fai que a súa autoestima mellore ao verse integrados/as social e laboralmente.





## 5. OUTROS SERVIZOS

- SERVIZO DE TRANSPORTE

Debido á dispersión xeográfica dos concellos aos que atende Aspromor é necesario prestar un servizo de transporte para o que se conta con varias furgonetas que fan tres rutas diarias para trasladar os/as usuarios/as ao centro. Este ano grazas a unha subvención da Obra Social “La Caixa” púidose adquirir unha furgoneta para substituír unha vella que xa houbo que retirar.



- **SERVIZO DE COMEDOR**

Diariamente o Centro Ocupacional pon a disposición dos/das usuarios/as un servizo de comedor no que ofrece distintas modalidades de dietas elaboradas por unha dietista, tendo en conta as prescricións médicas e de saúde de cada caso.



- **VIVENDA TUTELADA**

Aspromor dispón dunha vivenda tutelada para prestar servizos a aqueles/as usuarios/as que queiran desenvolver una vida independente. A vivenda está equipada con todo o necesario para realizar un plan de vida independente que lles axude a mellorar a súa calidade de vida.

## 6. VOLUNTARIADO

Durante este ano O Centro Ocupacional Aspromor beneficiouse do Programa de Voluntariado que desenvolve a Fundación Obra Social “La Caixa”. Os/as voluntarios/as participaron nos distintos talleres e actividades que se desenvolveron na Programación do Centro.



## 7. GALAS BENÉFICAS

Cada ano grazas á iniciativa de María Luisa Novo directora da Rondalla de Cariño e do Coro de Espasante celébrase no Teatro da Beneficencia en Ortigueira e na aula da Cultura en Cariño dúas galas solidarias cuxa recadación vai destinada íntegramente á Asociación Aspromor. Participan de xeito solidario unha gran variedade de grupos de ambos Concellos que compoñen o groso da representación musical e cultural da Comarca.

En ambos festivais os/as usuarios/as de Aspromor dedican unha representación ao público asistente en agradecemento á súa colaboración e aportación. Este ano representaron “UN CREBANOCES NO REINO DE ASPROMOR” actuación coa que sorprenderon e emocionaron a todo o público presente.



## 8. XUNTA DIRECTIVA E PERSOAL LABORAL

Dende o 08 de Abril de 2017 a Xunta Directiva está composta por:

CARGOS	NOMES E APELIDOS
Presidenta	M <sup>a</sup> Isabel Lorenzo Serantes
Secretaria	M <sup>a</sup> Aurora Afonso Yáñez
Tesoureira	M <sup>a</sup> Encarnación Pardo Rodriguez
Vogal	M <sup>a</sup> Carmen Lamelas Garcia
Vogal	Sira Bellas López
Vogal	Brais Castellanos Lorenzo

### **Persoal do Centro Ocupacional:**

Directora: 1

Administración: 1

Pedagoga: 1

Educadoras Sociais: 2

Encargada de Taller: 1

Operario de Taller: 1

Auxiliar de Servizos xerais: 1

Coidadora: 1

Xefa de cociña: 1

Servizo de transporte: 3

Servizo de limpeza: 1

## 9. SUBVENCIONES E COLABORACIONES

Todas as actividades desta Memoria 2019 non serían posibles sen o financiamento das entidades e a colaboración das persoas que apoian este proxecto, que axuda a que as persoas con discapacidade intelectual da comarca do Ortegal melloren a súa calidade de vida e a da súas familias.

- ❖ CONCELLO DE ORTIGUEIRA
- ❖ CONCELLO DE CARIÑO
- ❖ CONCELLO DE MAÑÓN
- ❖ FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA
- ❖ DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA
- ❖ FUNDACIÓN ONCE
- ❖ PROGRAMA 0,7% DO IRPF
- ❖ GALP “GRUPO DE ACCION COSTEIRA”
- ❖ CONSELLERIA DE SERVICIOS SOCIAIS
- ❖ SOCIOS COLABORADORES
- ❖ FUNDACIÓN OBRA SOCIAL “LA CAIXA”
- ❖ ASOCIACIONES E PERSOAS QUE PARTICIPAN NAS GALAS BENÉFICA A FAVOR DE ASPROMOR
- ❖ CICLO DE MADEIRA DO IES DE ORTIGUEIRA
- ❖ IMPRENTA OLBLAN

## 10. CONTACTA CON NÓS



Paseo Barro Soto s/n, 15330, Ortigueira – A Coruña.



981 42 22 88 / 609 69 19 10



672 36 97 81



[aspromor@aspromor.org](mailto:aspromor@aspromor.org)



[www.aspromor.org](http://www.aspromor.org)



Invernadoiro Aspromor